

PROCEDEMENTO: CT215B Subvencións a festivais do sector audiovisual que se celebran en Galicia para o ano 2025

ASUNTO: Resolución de concesión de axuda

ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS

1. O día 16 de decembro de 2024, DOG núm. 241, publícase a Resolución do 18 de novembro de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras, en réxime de concorrencia competitiva, para a concesión de subvencións a festivais do sector audiovisual que se celebran en Galicia e se convocan para o ano 2025.
2. Rematado o prazo de presentación das solicitudes o día 16 de xaneiro de 2025 procédese ao estudo das solicitudes recibidas relacionadas no Anexo I, xunto coa documentación complementaria presentada e realízanse os pertinentes requirimentos. Como resultado da análise e comprobación de todos os expedientes as solicitudes relacionadas no Anexo II son desistidas polos motivos que se especifican no mesmo.
3. Con data 25 de marzo de 2025 réunese a Comisión de valoración, creada ao efecto, para avaliar as solicitudes que se relacionan no Anexo III por ser as que cumpren co establecido nas bases da convocatoria emitindo informe relacionando as solicitudes por orde de prelación, e que se relacionan no Anexo IV.
4. O día 2 de abril de 2025, unha vez instruído o procedemento e entregado o informe preceptivo por parte da Comisión de valoración, o director da Axencia Galega das Industrias Culturais (en diante, Agadic), como órgano instrutor, emitiu informe e ditou unha proposta de resolución na que se indican as solicitudes presentadas, admitidas, desistidas, as susceptibles de percibir subvención e o importe económico que se propón para cada unha delas e as solicitudes desestimadas.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. É competente para a resolución de concesión da axuda o presidente do Consello Reitor de Agadic, de conformidade co disposto no artigo 18 da Resolución do 18 de novembro de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, para a concesión de subvencións a festivais do sector audiovisual que se celebran en Galicia e se convocan para o ano 2025, que establece que o presidente do Consello Reitor de Agadic, por delegación do Consello Reitor





(disposición adicional do Acordo do 24 de xullo de 202, DOG n.º 164), deberá ditar resolución expresa no prazo de 15 días desde a data da proposta de resolución.

2. Todos os expedientes de solicitudes de subvención a festivais do sector audiovisual que se celebran en Galicia recibidos ao abeiro da convocatoria para o ano 2025, co código de procedemento CT215B, foron tramitados e estudados conforme ás bases desta.
3. O día 25 de marzo de 2025, a Comisión de valoración reúnese para avaliar as solicitudes conforme aos criterios de valoración expresados no artigo 16 da convocatoria e emite a súa acta e o correspondente informe.
4. Como resultado de todo o proceso, o director de Agadic emite informe e presenta a súa proposta de resolución de conformidade co artigo 18 das bases reguladoras o día xxxxxx de marzo de 2025.

Por todo o anteriormente exposto, tras examinar a proposta de resolución do director de Agadic e de conformidade con ela,

RESOLVO:

1. Declarar desistidas as solicitudes que se relacionan no Anexo II polos motivos que se especifican.
2. Admitir as solicitudes que se relacionan no Anexo III por cumprir cos requisitos establecidos pola convocatoria.
3. Conceder a subvención, e polos importes que se expresan, ás persoas solicitantes que se relacionan no Anexo V.
4. Desestimar as solicitudes que se relacionan no Anexo VI, por non ter acadado total ou parcialmente as puntuacións mínimas que establece o artigo 16 da convocatoria.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderanse interpor os seguintes recursos, sen prexuízo de que as persoas interesadas poidan exercer calquera outro que consideren procedente:

- a) Recurso potestativo de reposición ante o presidente do Consello Reitor de Agadic. O prazo para interpor o recurso de reposición será dun mes se o acto fose expreso ou desde o día seguinte a aquel en que se producise o acto presunto. Unha vez transcorrido o devandito prazo, unicamente se poderá interpor recurso contencioso-administrativo, sen prexuízo, de ser o caso, da procedencia do recurso extraordinario de revisión. Se o acto non fose expreso, a persoa



solicitante e outros posibles interesados poderán interpor recurso de reposición en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

b) Recurso contencioso-administrativo ante os xulgados do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da notificación da resolución, se esta fose expresa, ou no prazo de seis meses contados a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

Esta resolución notificaráselle á entidade interesada, de conformidade co establecido na Lei do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela, data da sinatura dixital

O presidente do Consello Reitor de Agadic

José Carlos López Campos



ANEXO I
SOLICITUDES RECIBIDAS

EXPEDIENTE	SOLICITANTE	NIF	CERTAME
AG/S/2025 FC/A/0001	Asociación Cultural Enfoques-Tui	G36466670	Play-Doc Festival Intl de Cinema e Documental de Tui. 21 ed
AG/S/2025 FC/A/0002	Asociación Cultural e Deportiva Andaina	G09757576	XII FIC Andaina (Fest Intl de Curtametrxes e Diversidade Andaina)
AG/S/2025 FC/A/0003	Concello de Carballo	P1501900C	Festival Carballo Interplay 2025
AG/S/2025 FC/A/0004	Patronato do Museo do Pobo galego	G15037195	20 MICE. Mostra Internacional de Cinema Etnografico do Museo do Pobo Galego
AG/S/025 FC/A/0005	eSe8 Asociación Cultural	G70232525	XVI Mostra Intl de Cinema Periférico de A Coruña
AG/S/2025 FC/A/0006	Asociación Curtas Filmfest	G94137379	Curtas Festival do Imaxinario 2025
AG/S/2025 FC/A/0007	Asoc. Cultural Cinematográfica de Galicia FICBUEU	G94146362	18 Festival Intl de Cinema de Bueu
AG/S/2025 FC/A/0008	Auditorio de Galicia	Q1500340C	22 Ed. do Festival Intl de Cinema Curtocircuíto 2025
AG/S/2025 FC/A/0009	Asoc. Cultural e Cinematográfica Novos Cinemas	G94151610	Novos Cinemas. Fest. Intl. de Cinema de Pontevedra. Ed. 09
AG/S/2025 FC/A/0010	Asociación Cultural Abella Producións	G27877703	Galician Freaky Film Festival 2025 # 9 Edition
AG/S/2025 FC/A/0011	Asociación Cultural e Deportiva do Porriño Arela	G36442192	XXII Fest. de Cans de Curtametrxes 2025
AG/S/2025 FC/A/0012	Asoc Cultural Mares da Fin do Mundo	G44878452	VII Mostra Intl. de Cinema Documental Mares da Fin do Mundo



AG/S/2025 FC/A/0013	Asociación Cultural Albatros	G70080015	Intersección 2025
AG/S/2025 FC/A/0014	Asociación Olloboi	G70476833	16ª Festival Olloboi



ANEXO II

SOLICITUDES DESISTIDAS

EXPEDIENTE	SOLICITANTE	CERTAME	MOTIVO
AG/S/2025 FC/A/0008	Auditorio de Galicia	22 Ed. do Festival Intl de Cinema Curtocircuíto 2025	Non ter achegado a documentación solicitada mediante requirimento enviado en data 08/02/2025.
AG/S/2025 FC/A/0014	Asociación Olloboi	16ª Festival Olloboi	Non contestar ao requirimento en prazo. Posto a disposición o 04/02/2025 e aceptado polo usuario o 05/02/2025 Data límite de resposta: 19/02/2025



ANEXO III
SOLICITUDES ADMITIDAS PARA A SÚA AVALIACIÓN POLA COMISIÓN DE VALORACIÓN

EXPEDIENTE	SOLICITANTE	NIF	CERTAME
AG/S/2025 FC/A/0001	Asociación Cultural Enfoques-Tui	G36466670	Play-Doc Festival Intl de Cinema e Documental de Tui. 21 ed
AG/S/2025 FC/A/0002	Asociación Cultural e Deportiva Andaina	G09757576	XII FIC Andaina (Fest Intl de Curtametraxes e Diversidade Andaina)
AG/S/2025 FC/A/0003	Concello de Carballo	P1501900C	Festival Carballo Interplay 2025
AG/S/2025 FC/A/0004	Patronato do Museo do Pobo galego	G15037195	20 MICE. Mostra Internac. de Cinema Etnografico do Museo do Pobo Galego
AG/S/2025 FC/A/0005	eSe8 Asociación Cultural	G70232525	XVI Mostra Intl de Cinema Periférico de A Coruña
AG/S/2025 FC/A/0006	Asociación Curtas Filmfest	G94137379	Curtas Festival do Imaxinario 2025
AG/S/2025 FC/A/0007	Asoc. Cultural Cinematográfica de Galicia FICBUEU	G94146362	18 Festival Intl de Cinema de Bueu
AG/S/2025 FC/A/0009	Asoc. Cultural e Cinematográfica Novos Cinemas	G94151610	Novos Cinemas. Fest. Intl. de Cinema de Pontevedra. Ed. 09
AG/S/2025 FC/A/0010	Asociación Cultural Abella Producións	G27877703	Galician Freaky Film Festival 2025 # 9 Edition
AG/S/2025 FC/A/0011	Asociación Cultural e Deportiva do Porriño Arela	G36442192	XXII Fest. de Cans de Curtametraxes 2025
AG/S/2025 FC/A/0012	Asoc Cultural Mares da Fin do Mundo	G44878452	VII Mostra Intl de Cinema Documental Mares da Fin do Mundo
AG/S/2025 FC/A/0013	Asociación Cultural Albatros	G70080015	Intersección 2025



ANEXO IV
SOLICITUDES POR ORDE DE PRELACIÓN SEGUNDO A PUNTUACIÓN TOTAL

EXPEDIENTE	SOLICITANTE	CERTAME	BLOQUE	BLOQUE	BLOQUE	TOTAL
			A	B	C	
AG/S/2025 FC/A/0001	Asociación Cultural Enfoques-Tui	Play-Doc Festival Intl de Cinema e Documental de Tui. 21 ed.	23,00	23,33	25,75	72,08
AG/S/2025 FC/A/0005	eSe8 Asociación Cultural	XVI Mostra Intl de Cinema Periférico de A Coruña	19,00	23,50	28,98	71,48
AG/S/2025 FC/A/0011	Asociación Cultural e Deportiva do Porriño Arela	XXII Fest. de Cans de Curtametraxes 2025	25,00	19,67	25,50	70,17
AG/S/2025 FC/A/0013	Asociación Cultural Albatros	Intersección 2025	21,00	18,67	25,17	64,83
AG/S/2025 FC/A/0007	Asoc. Cultural Cinematográfica de Galicia FICBUEU	18 Festival Intl de Cinema de Bueu	23,00	17,50	22,92	63,42
AG/S/2025 FC/A/0009	Asoc. Cultural e Cinematográfica Novos Cinemas	Novos Cinemas. Fest. Intl. de Cinema de Pontevedra. Ed. 09	20,00	17,75	22,17	59,92
AG/S/2025 FC/A/0010	Asociación Cultural Abella Producións	Galician Freaky Film Festival 2025 # 9 Edition	21,00	13,33	22,92	57,25
AG/S/2025 FC/A/0004	Patronato do Museo do Pobo galego	20 MICE. Mostra Internacional de Cinema Etnografico do Museo do Pobo Galego	18,00	16,17	21,83	56,00
AG/S/2025 FC/A/0003	Concello de Carballo	Festival Carballo Interplay 2025	13,25	18,17	18,83	50,25



AG/S/2025 FC/A/0006	Asociación Curtas Filmfest	Curtas Festival do Imaxinario 2025	16,00	14,33	19,83	50,17
AG/S/2025 FC/A/0002	Asociación Cultural e Deportiva Andaina	XII FIC Andaina (Fest Intl de Curtametraxes e Diversidade Andaina)	21,00	6,17	14,67	41,83
AG/S/2025 FC/A/0012	Asoc Cultural Mares da Fin do Mundo	VII Mostra Intl de Cinema Documental Mares da Fin do Mundo	11,00	8,83	16,33	36,17



ANEXO V
SOLICITUDES PROPOSTAS PARA OBTENIR SUBVENCIÓN POLOS IMPORTES QUE SE EXPRESAN

EXPEDIENTE	SOLICITANTE	CERTAME	SUBVENCIÓN
AG/S/2025 FC/A/0001	Asociación Cultural Enfoques-Tui	Play-Doc Festival Intl de Cinema e Documental de Tui. 21 ed	48.265,73 €
AG/S/2025 FC/A/0005	eSe8 Asociación Cultural	XVI Mostra Intl de Cinema Periférico de A Coruña	47.863,98 €
AG/S/2025 FC/A/0011	Asociación Cultural e Deportiva do Porriño Arela	XXII Fest. de Cans de Curtametraxes 2025	39.465,18 €
AG/S/2025 FC/A/0013	Asociación Cultural Albatros	Intersección 2025	43.411,26 €
AG/S/2025 FC/A/0007	Asoc. Cultural Cinematográfica de Galicia FICBUEU	18 Festival Intl de Cinema de Bueu	42.462,68 €
AG/S/2025 FC/A/0009	Asoc. Cultural e Cinematográfica Novos Cinemas	Novos Cinemas. Fest. Intl. de Cinema de Pontevedra. Ed. 09	24.772,85 €
AG/S/2025 FC/A/0010	Asociación Cultural Abella Producións	Galician Freaky Film Festival 2025 # 9 Edition	11.500,08 €
AG/S/2025 FC/A/0004	Patronato do Museo do Pobo Galego	20 MICE. Mostra Internacional de Cinema Etnografico do Museo do Pobo Galego	9.561,64 €
AG/S/2025 FC/A/0003	Concello de Carballo	Festival Carballo Interplay 2025	14.221,71 €
AG/S/2025 FC/A/0006	Asociación Curtas Filmfest	Curtas Festival do Imaxinario 2025	18.474,89 €



ANEXO VI

SOLICITUDES PROPOSTAS PARA SER DESESTIMADAS

EXPEDIENTE	SOLICITANTE	CERTAME	BLOQUE A	BLOQUE B	BLOQUE C	TOTAL
AG/S/2025 FC/A/0002	Asociación Cultural e Deportiva Andaina	XII FIC Andaina (Fest Intl de Curtametraxes e Diversidade Andaina)	21,00	6,17	14,67	41,83
AG/S/2025 FC/A/0012	Asoc Cultural Mares da Fin do Mundo	VII Mostra Intl de Cinema Documental Mares da Fin do Mundo	11,00	8,83	16,33	36,17

